



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 30 de decembro de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte e cinco minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1121).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 18 de decembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1122).- PLANIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO DO ANO 2021. EXPTE. 6514/241.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

**Segundo.-** En data 12 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.*

*Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.*

*Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.*

*Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.*

**Terceiro.-** En data 17 de decembro de 2019, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do citado Plan.

**Cuarto.-** Este programa recolle na Liña Estratéxica 4, “Introducir o ciclo de mellora contínua”, Obxectivo Estratéxico 4.1 “Potenciar a planificación e a mellora continua”, o Obxectivo Operativo 4.1.1. “Programar a contratación procurando a súa mellora global”, dando resposta ao mandato legal recollido no artigo 28.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de planificación anual da contratación e publicación da mesma.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### DA ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN



## Concello de Vigo

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) regula a obriga das entidades que conforman o sector público de aprobar e dar a coñecer un plan anual de contratación. Así, o artigo 28.4 dispón que “As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que, polo menos, recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regulación harmonizada”.

Desta obriga legal xurde a oportunidade de racionalizar a contratación municipal e evitar os problemas que xurden cando os contratos que son continuidade doutros anteriores non se tramitan con tempo para encadear ambos contratos, evitar colapsos no servizo de Contratación cando se acumulan varios contratos simultaneamente por falta de coordinación dos servizos xestores, así como a de favorecer que os operadores económicos, potenciais licitadores, coñezan con antelación as necesidades institucionais que pretenden cubrirse mediante os contratos proxectados, de modo que, coa debida anticipación, poidan estudar e, no seu caso, preparar as correspondentes ofertas. Deste xeito poderá lograrse máis transparencia na contratación e acadar unha maior concorrencia de licitadores o que redundará na obtención de mellores ofertas.

Para elaborar o plan anual de contratación do Concello de Vigo (en adiante, PACC) a Concelleira Delegada de Contratación aprobou en data 16 de setembro de 2020 unhas “Instrucións para a planificación da contratación municipal”, solicitando dos servizos:

*“1º.- No prazo improrrogable de 15 días:*

- *Os contratos maiores que prevexan celebrar no ano 2021, indicando os seguintes datos: obxecto previsto, tipo de contrato, prazo do contrato e datas en que se sería necesario que comezase a execución, orzamento de licitación e valor estimado, gasto previsto para o ano 2021, indicación de se o contrato esta sometido a regulación harmonizada, aplicación orzamentaria prevista para o seu pagamento e prórrogas que se propoñan para o contrato.*
- *A información enviarase na táboa que se achega e deberá estar asinada polo xefe do servizo. Os servizos que non teñan previsto celebrar contratos no ano 2021 o informaran por escrito.*

*2º.- Para a xestión centralizada da información, antes do 15 de decembro de 2020, os responsables dos contratos deben remitir os informes aos que se refire a cláusula 1.3 dos pregos de cláusulas administrativas particulares “Elaborar anualmente un informe sobre a execución do contrato, ou un informe final á finalización do contrato se fose de duración inferior ó ano, no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes”.*

*3º.- Recordáselles a necesidade de elaborar contratos maiores para as necesidades habituais do servizo”.*

Unha vez que as diferentes áreas e servizos municipais teñen enviado a súa programación procede a súa aprobación polo órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL).

Para a efectividade do PACC é necesario que as áreas e servizos xestores cumpran os tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:

- Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 12 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses

-II-

### **DA MODIFICACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN**

Este plan configúrase como un documento dinámico, que permita incorporar durante o exercicio económico os novos contratos que xurdan para satisfacer necesidades novas ou non previstas no mesmo e que respondan a competencias municipais previstas nos artigos 7, 25, 26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local (LBRL). Así, cada vez que se programe un contrato non previsto, o servizo ou área xestora formulará unha proposta motivada ó servizo de Contratación. En especial, deberán xustificarse suficientemente os motivos polos que as previsións contidas no PACC non resultaron axustadas ás necesidades reais. O servizo de Contratación formulará unha proposta de modificación do mesmo á XGL.

-III-

### **DA PUBLICIDADE DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN**

O Plan de contratación publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e no seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de Licitación de Contratos do Sector Público. Así mesmo, publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea aqueles contratos que quedarán suxeitos a regularización harmonizada.

-IV-

### **ENTRADA EN VIGOR**

O PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación. O acordo de modificación do PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación, ou aquel en que esta determine, sen prexuízo da súa posterior publicación.

### **ACORDO**

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar o Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio presupostario 2021, que se recolle como Anexo a este acordo.*”



## Concello de Vigo

2º.- *Publicar o Plan no perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Licitación de Contratos do Sector Público, e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

3º.- *Publicar no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de información previa previsto no artigo 134 da LCSP, para cada un dos contratos que quedarán suxeitos a regulación harmonizada.*

4º.- *O presente PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación.*

5º.- *Requírese ás áreas e servizos xestores, que para a efectividade do PACC cumpran cos tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:*

- > Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 12 meses*
- > Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses*
- > Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses*

6º.- *Cando un servizo ou área xestora programe un contrato non previsto no PACC formulará unha proposta motivada ó servizo de Contratación. En especial, deberán xustificarse suficientemente na Memoria xustificativa os motivos polos que as previsións contidas no PACC non resultaron axustadas ás necesidades reais. O servizo de Contratación formulará unha proposta de modificación do mesmo á XGL”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1123).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DE LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102800/140.**

Visto o informe de fiscalización de data 23/12/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **PROPOSTA APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR ANO 2020 (4º)**

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2020.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| Habilitado               | Nº pagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|--------------------------|--------------|-------------------------|-----------------|---------------------|-------------------|-------------------------|-----------------------------|-----------|------------|
| Abalde Comesaña Raquel   | 202000048897 | 9120.2310000            | 500,00          | 245,98              | 29/07/20          | 20/11/20                | 29/10/20                    | 254,02    | ---        |
| Abalde Comesaña Raquel   | 202000054101 | 9120.2269900            | 700,00          | 643,55              | 11/09/20          | 17/11/20                | 11/12/20                    | 56,45     | ---        |
| Fernández Fernández Paz  | 202000027574 | 2310.4810000            | 850,00          | 850,00              | 05/05/20          | 06/05/20                | 05/08/20                    | ----      | ---        |
| Fernández Fernández Paz  | 202000069131 | 2310.7800000            | 15.000,00       | 9.117,35            | 24/11/20          | 16/12/20                | 24/02/21                    | 5.882,65  | ---        |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202000059568 | 2310.2279900            | 2.500,00        | 888,00              | 14/10/20          | 21/12/20                | 14/01/21                    | 1.612,00  | ---        |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202000059651 | 2310.4800011            | 19.700,00       | 19.700,00           | 14/10/20          | 09/12/20                | 14/01/21                    | ----      | ---        |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202000062966 | 2310.4810000            | 100.385,00      | 97.070,00           | 26/10/20          | 17/12/20                | 26/01/21                    | 3.315,00  | ---        |
| Vega Andión Óscar Miguel | 202000060975 | 9207.1620000            | 3.000,00        | 3.000,00            | 20/10/20          | 17/12/20                | 20/01/21                    | ----      | ---        |
| Vega Andión Óscar Miguel | 202000060978 | 9200.2219902            | 500,00          | 454,71              | 20/10/20          | 18/12/20                | 20/01/21                    | 45,29     | ---        |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
| <b>TOTAL</b>             |              |                         | 143.135,00      | 131.969,59          |                   |                         |                             | 11.165,41 |            |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| Alcance da fiscalización   | Si | Non |
|--|----|-----|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción da orde de pago a xustificar n.º 202000048897 de Abalde Comesaña Raquel.  | ✓  |     |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✓  |     |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.   | ✓  |     |
| Acreditábase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.                      | ✓  |     |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.  | ✓  |     |

Resultado da fiscalización:

| De conformidade | Con observacións  | De disconformidade |
|-----------------|---|--------------------|
|                 | A orde de pago a xustificar n.º 202000048897 de Abalde Comesaña Raquel non se rendiu no prazo legal de xustificación. |                    |



## Concello de Vigo

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### PROPOSTA

En base a Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

| Habilitado               | Nº pagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|--------------------------|--------------|-------------------------|-----------------|---------------------|-------------------|-------------------------|-----------------------------|-----------|------------|
| Abalde Comesaña Raquel   | 202000048897 | 9120.2310000            | 500,00          | 245,98              | 29/07/20          | 20/11/20                | 29/10/20                    | 254,02    | —          |
| Abalde Comesaña Raquel   | 202000054101 | 9120.2269900            | 700,00          | 643,55              | 11/09/20          | 17/11/20                | 11/12/20                    | 56,45     | ---        |
| Fernández Fernández Paz  | 202000027574 | 2310.4810000            | 850,00          | 850,00              | 05/05/20          | 06/05/20                | 05/08/20                    | ----      | ---        |
| Fernández Fernández Paz  | 202000069131 | 2310.7800000            | 15.000,00       | 9.117,35            | 24/11/20          | 16/12/20                | 24/02/21                    | 5.882,65  | ---        |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202000059568 | 2310.2279900            | 2.500,00        | 888,00              | 14/10/20          | 21/12/20                | 14/01/21                    | 1.612,00  | ---        |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202000059651 | 2310.4800011            | 19.700,00       | 19.700,00           | 14/10/20          | 09/12/20                | 14/01/21                    | ----      | ---        |
| Núñez-Torrón López Jesús | 202000062966 | 2310.4810000            | 100.385,00      | 97.070,00           | 26/10/20          | 17/12/20                | 26/01/21                    | 3.315,00  | ---        |
| Vega Andión Óscar Miguel | 202000060975 | 9207.1620000            | 3.000,00        | 3.000,00            | 20/10/20          | 17/12/20                | 20/01/21                    | ----      | ---        |
| Vega Andión Óscar Miguel | 202000060978 | 9200.2219902            | 500,00          | 454,71              | 20/10/20          | 18/12/20                | 20/01/21                    | 45,29     | ---        |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
|                          |              |                         |                 |                     |                   |                         |                             |           |            |
| <b>TOTAL</b>             |              |                         | 143.135,00      | 131.969,59          |                   |                         |                             | 11.165,41 |            |

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1124).- NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS PARA O SERVIZO DE BIBLIOTECAS. EXPTE. 36768/220.**

Visto o informe de fiscalización do 22/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/12/2020, asinado pola técnica de xestión do Servizo, a técnica de Admón. Xeral e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, a Técnica superior de bibliotecas, solicita a urxente tramitación do expediente de cobertura dunha praza de técnico/a medio de arquivos da Casa Galega da Cultura. Consta tamén no expediente escrito do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, de data 01/12/2020, solicitando a realización das xestións oportunas para proceder á cobertura do dito posto.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 04/12/2020, dispuxo ordenar á tramitación de expediente administrativo pola Área de Recursos Humanos e Formación para que polo procedemento legal oportuno, se proceda atender á solicitude de persoal formulada, no que respecta a cobertura da vacante dun técnico/a medio de arquivos.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:





## Concello de Vigo

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017.*

En similar senso, na **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante

procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En relación a existencia de prazas vacantes, consta unha praza vacante de técnico/a medio/a de arquivos en disposición de ser cuberta interinamente, segundo o informe técnico referido no punto terceiro dos antecedentes de este informe e anexado ao expediente. Así *“A data de hoxe, figura aprobada e pendente de executar, entre outras, a Oferta de Emprego Público, correspondente ao ano 2018, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 23/11/2018, publicada no BOP de 26 de novembro seguinte, modificada por acordo do mesmo órgano de data 21/01/2019, e publicada no BOP de 07/02/19 e no DOG de 19 de febreiro de 2019, e na que se inclúe, entre outras, unha praza de Técnico/a Medio/a de Arquivos pola quenda libre, praza que se atopa vacante e que se corresponde cun posto vacante de igual denominación”*.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso cobertura definitiva da praza por persoal funcionario de carreira en relación coa OEP 2018.

O/a funcionario/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso técnico/a medio/a de arquivos (posto cód. 296), adscrito ao Servizo de Bibliotecas, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



## Concello de Vigo

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da técnica superior de bibliotecas, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do Servizo de Bibliotecas. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente (trámite 21):

“O presente expediente do nomeamento interino con cargo a praza vacante dunha praza de Técnico/a Medio/a de Arquivo, asociada a posto de igual denominación, cód. 296 da Relación de Postos de Traballo vixente, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sería de imputación ao exercicio económico 2020/2021 e seguintes, ata a súa cobertura definitiva.

**O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de 18 de novembro de 2020, publicado no BOP de 20 de novembro seguinte, dun posto de Técnico/a Medio/a de Arquivos, cód. 296, para o exercicio 2021 e de 50.124,54€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 14.006,28€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 9.411,64€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 16.302,02€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 10.404,60€). Se pola urxencia do expediente o nomeamento se producise con efectos de 16/12/2020, a repercusión do mesmo no orzamento 2020 sería de 2.088,53€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 583,60€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 392,15€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 679,25€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 433,53€)”.**

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categorías de técnico medio de Arquivos, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como técnico medio de Arquivos con cargo a praza vacante, a B Ramirez Abal, con dni \*\*\*8624\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09/07/2020, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a con cargo a vacante, **como Técnico/a medio de arquivos (cód. 296)**, ao abeiro do exposto no



## Concello de Vigo

artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto para o exercicio 2020 de **2.088,53€** (dos que **1.655€** corresponden a retribucións e **433,53€** a seguridade social a cargo do empregador). Elo, con cargo as seguintes partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 583,60€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 392,15€), 121.0101 (complemento específico, por un importe anual de 679,25€) e 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa, por un importe anual de 433,53€).

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a, con cargo á praza vacante da OEP 2018, como **Técnico/a medio de arquivos** a: *B Ramirez Abal, con dni \*\*\*8624\*\**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento que se cubra definitivamente dita praza (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), incluída na OEP 2018; sendo adscrito ao Servizo de Bibliotecas.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo o/a aspirante nomeado/a, o Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a Técnica superior de bibliotecas, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1125).- REVOGACIÓN TOTAL E PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA TRADICIONAL OS VENTOS DE COMESAÑA NO ANO 2019. EXPTE. 9604/320.**

Visto o informe de fiscalización do 18/12/2020, dáse conta do informe-proposta do do 15/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “*Outorgamento de Subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019*” (expediente número 8921-320) outorgar á Asociación Folclórica Tradicional Os Ventos de Comesaña (CIF: 36698140) unha subvención para “*Instalación de carpa no Festival Mesturando*”, por importe de **1.210,00 €**:

| CIF        | ENTIDADE                                  | PROXECTO                                    | Total Puntos | Orzamento Proxecto | Solicitud Máxima | Proposta Subvención |
|------------|---|---|--------------|--------------------|------------------|---------------------|
| G-36698140 | Asoc. Folclórica T. Os Ventos de Comesaña | Instalación de carpa no Festival Mesturando | 25           | 1.210,00 €         | 1.210,00 €       | <b>1.210,00 €</b>   |

Conforme á **base segunda da convocatoria “Requisitos dos solicitantes”** *poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:*

(...)

9. *As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:*

a) *Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concurrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.*

b) *Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco*

Conforme a **base sétima da convocatoria “Obrigas que asumen as entidades subvencionadas”** *os beneficiarios das subvencións están obrigados a:*



## Concello de Vigo

*“Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso”.*

Conforme a **base décimo terceira “Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada”**, as entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos [...].

*A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no Anexo VIII, no que se inclúen os seguintes datos:*

**[...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.” [...]**

II. Coa finalidade de verificar o cumprimento do establecido nestas bases, o servizo de Participación Cidadá solicitou de oficio (doc: 190204199) un informe ao departamento de Seguridade respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2017 na tramitación de eventos e festas populares, as cales, terán que axustarse, con carácter xeral, ao establecido nesta Lei, sen prexuízo do exame particularizado que requira cada evento en función do lugar de emprazamento proposto, das datas de celebración e das propias circunstancias que concorran en cada caso.

III. **Con data 27/12/2019, o Departamento de Seguridade, emite o correspondente informe respecto do cumprimento da Lei 10/2017** por parte das entidades beneficiarias, no que se fai constar que respecto da Asociación Folclórica Tradicional Os Ventos de Comesaña **“non consta autorización...”** para o evento subvencionado:

| CIF        | ENTIDADE                                  | PROXECTO                                    | EXP. AUTORIZACIÓN SEGURIDADE  |
|------------|---|---|---|
| G-36698140 | Asoc. Folclórica T. Os Ventos de Comesaña | Instalación de carpa no Festival Mesturando | Non consta autorización por este departamento, agás erro ou consulta das bases de datos |

IV. **Con data 28/12/2019** (Expediente 9353-320) a entidade beneficiaria achegou a xustificación documental da subvención outorgada conforme á Base 13ª da convocatoria, dentro do prazo establecido tras a ampliación do mesmo aprobada pola Xunta de Goberno Local no acordo de outorgamento das subvencións.

Unha vez examinada a conta xustificativa segundo o establecido na base décimo cuarta **“Comprobación das subvencións”**, este Servizo de Participación Cidadá notifica con data 30/12/2019 (número de saída 51427) o **requirimento para emendar a falta dos documentos preceptivos e a información relativa ao cumprimento da obriga de contar coa correspondente autorización do departamento de Seguridade**, para o que

**se lle outorgou un prazo de 10 días hábiles**, a contar dende o seguinte a recepción da notificación, coa advertencia de que transcorrido o cal, sen obter contestación, teríase por desistido da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 15 de novembro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A devandita notificación foi recibida en data 02/01/2020, segundo os xustificantes de recepción que constan no expediente.

V. Con data 17/02/2020, a xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina, coa conformidade do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, o informe-proposta de resolución no que se declara o desistimento da solicitude de abono da subvención outorgada.

VI. Porén, o día 18/02/2020, recepcionase polo servizo de Participación Cidadá a documentación presentada pola entidade beneficiaria con rexistro electrónico de data 11/02/2020 (*documento número 200024015 anexo no expediente de pago 9353-320*) cos seguinte arquivos:

- Memoria explicativa do evento e fotografía do cartel
- Certificación dunha póliza de seguros a nome da entidade; pero non consta o detalle da cobertura de dito seguro
- Fotografía da factura de moi baixa calidade, polo que non é lexible
- No formulario do rexistro, a entidade comunica que o número de expediente de autorización do servizo de Seguridade e Mobilidade para montaxe de carpas é o expediente 111718-210; se ben e, tal e como consta en informe emitido polo dito servizo, no expediente referido non consta autorización expresa para a montaxe da carpa na data e para o evento solicitado.

**En atención á documentación achegada, a entidade beneficiaria non acredita contar con autorización específica para o obxecto da subvención outorgada.**

VII. Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data **30/01/2020**, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a prol da Asociación Folclórica Tradicional Os Ventos de Comesaña (CIF: 36698140) para "**Instalación de carpa no Festival Mesturando**", por importe de **1.210,00 €**, asinando o informe-proposta de resolución de incoación do expediente pola xefa de servizo en data **25/06/2020**, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, co conseguinte trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de 10 días a asociación puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

A recepción da devandita notificación realizouse con data 1/07/2020 (conforme o acuse que consta no expediente), polo que o prazo de presentación de alegacións remataría o 15/07/2020.





## Concello de Vigo

**VIII. Con data 10/07/2020 e 15/07/2020 a entidade beneficiaria presenta vía rexistro telemático (números 20012426 e 200127056), dous escritos onde reiteran ter cumprido co trámite de solicitar autorización no servizo de Seguridade e Mobilidade para celebración de eventos e festas populares, se ben, non acreditan contar coa autorización expresa.**

**IX. Con data 30/07/2020 remítese ao Servizo de Seguridade unha nova petición de informe respecto da solicitude de autorización presentada pola entidade beneficiaria, remitido con data 31/07/2020 co seguinte tenor literal:**

*“Recibida solicitude de informe da tramitación da autorización para a celebración do Festival Mesturando 2019, informo:*

*-En data 09/09/2019 presentase por rexistro solicitude para celebración do evento V Festival Mesturando en data 14/09/2019 e organizado pola Asociación de Folclore Tradicional Os Ventos de Comesaña.*

*-En data 10/09/2019 consta na Area de Seguridade dita solicitude*

*-En data 12/09/2019 solicitase sinatura dixital o Informe Proposta e o mesmo día é asinado polo enxeñeiro e o Xefe de Área de Seguridade.*

*-En data 17/09/2019 é rexeitada a sinatura pola Concelleira de Seguridade motivado “Data da celebración do evento anterior a esta sinatura”*

***- Para o estudo da viabilidade das solicitudes de EVENTOS é necesario a presentación cun prazo mínimo de 21 días de antelación segundo indicase na web do concello.***

[https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id\\_tramite=793&lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=793&lang=gal)

***Segundo o indicado, a solicitude presentouse con soamente 5 días de antelación, como pasa en ocasións non é tempo suficiente para a tramitación e solicitude de sinaturas do IPP dos técnicos, xurídicos e da concelleira.***

***Este é o motivo polo que foi rexeitada a sinatura do IPP, non existindo ningunha motivación técnica que impidise a celebración do evento, solo un problema de tempos de tramitación.”***

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**- Perda do dereito ao cobro:**

De acordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

De acordo co reflectido nos antecedentes e a tenor do esixido coa entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a celebración de festas e eventos populares, na medida que comportan unha ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal afectados polo evento, require da preceptiva autorización da Administración.

Este réxime de control intensifícase cando o acto de ocupación comporta a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias, especialmente as que requiran da instalación de escenarios e estruturas móbiles (declaración responsable asinada polo titular da instalación etc...).

A ocupación temporal do sistema viario público para a celebración dun evento ou festa popular está suxeito ao control e autorización previa do departamento municipal de Seguridade e Mobilidade, de acordo ás competencias que esta Administración local ostenta no tocante ás funcións de tutela e actos de ocupación dos sistemas viarios e espazos de uso público da súa titularidade, así como en materia de seguridade cidadá, ordenación do tráfico de vehículos e de persoas en vías urbanas e en materia de espectáculos públicos.

**A entidade non acredita estar en posesión de autorización ningunha para o proxecto subvencionado polo que a tenor do previsto nas bases reguladoras, resulta procedente formular a proposta de acordo de perda do dereito ao cobro total da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación anteriormente exposta.**

II. A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

III. O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).



## Concello de Vigo

IV. De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, **alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita**; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

**1º.- Declarar a perda total do dereito ao cobro da subvención outorgada á Asociación Folclórica Tradicional Os Ventos de Comesaña (CIF: 36698140) para "Instalación de carpa no Festival Mesturando", por importe de 1.210,00 €, por incumprimento da Base 2ª.9.a), Base 7ª,e Base 13ª das bases reguladoras e convocatoria das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019 (expediente número 8921-320).**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

**2º.- Notificar o presente acordo á interesada** no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1126).- ADSCRICIÓN Á XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO NO N.º 10 DA SUBIDA O CASTELO. EXPTE. 20655/240.**

Visto o informe de fiscalización do 17/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 11/12/2020, asinado pola xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**- Mediante oficio de data 18/5/2020 da Concellería de Política de Benestar Social manifesta que a Xunta de Goberno Local o 30.04.2020 aprobou o «PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº 7», promovido por dita Concellería delegada sinalando a necesidade durante a execución das obras de reforma e ampliación, do traslado do actual «Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS Princesa)» existente na planta baixa do edificio da Praza da Princesa nº 7, a outra localización alternativa, solicitando a adscrición temporal do uso do inmovible situado na rúa Méndez Núñez nº 3, esq. rúa Caracol nº 1 e rúa S.Vicente, a ditos fins, formulándose a correspondente proposta á Xunta de Goberno local o 27 de novembro de 2020 .

No mesmo oficio solicitaron que por parte desta Concellería de Patrimonio se comunicase aos ocupantes do inmovible de propiedade municipal situado na Praza da Princesa nº 7, a necesidade de deixar libre o edificio para o inicio das devanditas obras ós outros actuais ocupantes (FAVEC, Consorcio Casco Vello de Vigo e Oficina municipal de Rehabilitación), con indicación do prazo necesario para que deixen os seus locais libres e expeditos ó dispor do Concello, formulándose a correspondente proposta á Xunta de Goberno local na mesma data, 27 de novembro de 2020 .

Doutra parte, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 20 de novembro de 2020 solicitouse a adscrición temporal para a ocupación do inmovible sito na rúa Subida ó Castelo núm. 10, para a Oficina de Rehabilitación por mor das obras de reforma a executar no edificio da Praza Princesa 7.

**Segundo.**- De acordo cos datos reflectidos nos traballos de revisión e actualización do IMBD, dito inmovible situado na Subida ao Castelo 10 é de titularidade municipal, figurando co n.º de propiedade 4316 (provisional), de natureza xurídica demanial, afecto ao servizo público e adscrito ao servizo de Benestar social, pois na sesión de data 29.11.2019, a Xunta de Goberno local acordara readscribir á Concellería Delegada de Benestar Social, o inmovible de titularidade municipal sito no n.º 10 da Subida o Castelo (n.º provisional de propiedade 4316 do IMBD), para sua adicación as competencias municipais que ten atribuídas en materia de Políticas de familia e infancia, Servizos Sociais e atención ás persoas maiores, inmigración e drogodependencias.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** En data 10.12.2020, a Concelleira delegada de Patrimonio inicia procedemento administrativo para a posta a disposición da Xerencia municipal de urbanismo do inmovible situado na Subida ao Castelo, para o traslado provisional da Oficina municipal de Rehabilitación, durante a execución das obras de reforma do inmovible da Praza da Princesa 7.

**Cuarto.-** Consta no expediente informe da Concellería de Benestar social sobre a ocupación e uso do inmovible, de data 24.11.2020, polo que a Concelleira delegada informa favorablemente a readscripción temporal do inmovible (Centro de Artesanía Tradicional-CAT) á Xerencia municipal de urbanismo para adicalo a Oficina de rehabilitación.

### FUNDAMENTOS

#### 1.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).
- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

#### 2.-Adscripción á Xerencia municipal de urbanismo do inmovible da Subida ao Castelo núm. 10

Toda vez que o local se atopa na actualidade pechado e sen uso, e co informe favorable da Concellería de Benestar social, non se observa inconveniente en acceder á adscripción temporal solicitada pola Xerencia municipal de urbanismo para o traslado da Oficina municipal de rehabilitación dende a súa actual ubicación no primer andar do edificio municipal da Praza da Princesa n.º 7, por motivos das obras proxectadas no inmovible. A operación patrimonial de adscripción non modifica a natureza do ben, que se mantén como dominio público, pola súa afectación aos servizos públicos municipais debendose, non obstante, reflectir na ficha de propiedade co que figura no IMBD os novos datos de destino e adscripción feita a prol da Xerencia municipal de Urbanismo.

Por todo o anteriormente exposto, formúlase á Xunta de Goberno, a seguinte

#### PROPOSTA

**PRIMEIRO.-**Readscribir á Xerencia municipal de Urbanismo o inmovible de titularidade municipal sito no n.º 10 da Subida o Castelo (n.º provisional de propiedade 4316 do IMBD), ata agora dependente da Concellería Delegada da Área de Benestar Social, para súa adicación as competencias municipais que ten atribuídas en relación coa Oficina de rehabilitación e nas condicións que a propia Xerencia acorde, polo prazo de trece meses referido á execución das obras autorizadas segundo «PROXECTO BÁSICO E DE

EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº 7

SEGUNDO.- Actualizar os datos da propiedade n.º 4316 (provisional), Epígrafe I Inmóveis do IMBD, reflectindo a adscripción acordada.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Xerencia municipal de Urbanismo e á Concellería Delegada de Benestar Social para o seu coñecemento.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1127).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS DE CONSERVACIÓN. EXPTE. 13075/407.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/12/2020, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O 17 de setembro de 2020, dona Belén Estévez Cerdeira e D. Gustavo Fernández Costas, na súa calidade de liquidadores da Entidade urbanística de conservación PERI II-05 Rocío, presentaron escrito no Concello de Vigo solicitando o inicio da vía administrativa de constrinximento contra a empresa debedora Picosur, S.L. CIF B36819662, polo impago das cotas de conservación correspondentes á parcela da que é propietaria.

Acompañan á súa solicitude acta da Xunta Extraordinaria que tivo lugar o 30 de xullo de 2020, na que se adoptou o acordo de aprobar a débeda e de solicitar o inicio da vía de prema ao Concello.

Posteriormente, aportan os requerimentos efectuados á dita entidade, cos correspondentes acuses de recibo.

Os Estatutos da Xunta de Compensación do Peri II-05 Rocío, contemplan entre os seus fins o de solicitar da administración actuante o exercicio da vía de prema para o cobro das cantidades adebedadas polos membros morosos da Xunta.

Doutra banda, o artigo 70.1 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación Urbana establece que: *Calquera que fose o suxeito a quen corresponde a obriga de mantemento á que se refiren os artigos precedentes, o Concello ou administración actuante, na súa condición de titular dos terreos de dominio público, obras, dotacións e instalacións obxecto de cesión obrigatoria, poderá esixir pola vía de prema as cotas que se adebeden, sexa de oficio, ou a instancia, no seu caso, da entidade urbanística colaboradora.*

O artigo 110.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia recolle que: *As cotas de conservación que corresponda satisfa-*



## Concello de Vigo

*cer aos membros da entidade urbanística de conservación serán obrigatorias e esixibles pola vía de prema.*

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das cotas de conservación adebedadas pola sociedade mercantil PICO-SUR, S.L. (NIF B-36.819.662) á Entidade de Urbanística de Conservación do PERI II-05 Rócio, por importe de 1.253,20 euros, que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **8(1128).- PRÓRROGA DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS, NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE MAQUINARIA CON OU SEN CONDUTOR PARA REPARACIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 82229/250.**

Visto o informe xurídico do 11/12/2020 e o informe de fiscalización do 15/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/12/2020, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais (responsable do contrato), o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 07/12/2018, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (C.I.F. A36008886) o contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250) por procedemento aberto e por

un prezo total de OITOCENTOS SETENTA E UN MIL CENTO NOVENTA E NOVE EUROS E DOCE CÉNTIMOS (871.199,12 €) sendo a cota correspondente ao IVE de 151.199,84 €, e unha baixa proporcional única do 36,41% a aplicar de forma uniforme a todos os prezos unitarios do contrato fixados no cadro I do Anexo I ao PPT.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 11/01/2019, consta na Cláusula Cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 12/01/2019.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 12/01/2021 ao 11/01/2022, sendo que o prezo anual ascende a un total de CATROCENTOS TRINTA E





## Concello de Vigo

CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (435.599,56 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (75.599,92 €).

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservacion de vías e espacios publ.”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 12/01/2021 e o 31/12/2021: **422.471,90 €.**
- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 11/01/2022: **13.127,66 €.**

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250), formalizado coa entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. polo período comprendido desde o 12/01/2021 ata o 11/01/2022.

**Segundo.-** Autorizar o gasto estimado do contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250) a favor da entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (C.I.F. A36008886) por importe de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (435.599,56 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (75.599,92 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservacion de vías e espacios publ.”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 12/01/2021 e o 31/12/2021: **422.471,90 €.**
- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 11/01/2022: **13.127,66 €.**

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1129).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDIMIENTO ABERTO DE TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E XESTIÓN DO EXOTARIUM E NOCTURAMA DE VIGOZOO. EXPTE. 10483/612.**

Visto o informe xurídico do 18/12/2020 e informe de fiscalización do 21/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/12/2020, asinado polo director Réxime Interior Zoo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

Con data 20 de outubro do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de VigoZoo.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo necesario para o funcionamento do parque, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para este servizo.

Como consecuencia do anterior, con data de 20 de outubro, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 20/10/2020 e pola Concelleira de Medio Ambiente o 20/10/2020.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 20/10/2020.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 28/10/2020 e pola Concelleira de Medio Ambiente o 29/10/2020.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Conservador de VigoZoo o 02/11/2020 e polo Veterinario o 25/11/2020.



## Concello de Vigo

5. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 16/12/2020, o Conservador o 16/12/2020 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 16/12/2020.
6. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 01/12/2020.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación o 17/12/2020.

### **2.- Condicións definitorias do contrato:**

#### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na prestación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de VigoZoo.

#### b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

#### c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (116.992,99 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (20.304,57 €) e o valor estimado (193.376,84 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído) coa posibilidade dunha prorroga de dous anos de duración.

- Ano 2021: 43.872,37 €
- ano 2022: 58.496,50 €
- ano 2023: 14.624,12 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.227.99.01 "Servizo Reptilario".

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

#### d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización

de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Esta prestación de servizo nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga de dous anos de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

Prevese expresamente o réxime de pagamentos, de xeito que o pagamento efectuarase mediante pagos parciais mensuais que representaran 1/12 parte do importe de cada anualidade orzamentaria.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Conservador de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do servizo. A póliza de seguro deberá recoller expresamente as instalacións do reptilario e nocturama nos que se presta servizo e o obxecto que se establece neste contrato.

### **3.- Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 30/11/2020 polo Director de Réxime Interior de VigoZoo, o Conservador e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

- 1.- Redución do prezo: valorarase con ata 60 puntos.



## Concello de Vigo

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: valorarase ata con 40 puntos.

Inclúe os seguintes subcriterios:

- .- Proposta da organización xeral do servizo: valorarase con ata 20 puntos
- .- Proposta de colección de fauna: valorarase con ata 10 puntos.
- .- Proposta de deseño dunha exhibición específica para ubicar unha parella de varanos: valorarase con ata 10 puntos.

As fórmulas para valorar estes criterios remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

### **4.- Revisión de prezos:**

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteñanse sen grandes modificacións nos próximos anos.

### **PROPOSTA:**

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto de tramitación ordinaria do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de VigoZoo. (exp. 10483-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Conservador de VigoZoo o 02/11/2020 e polo Veterinario o 25/11/2020, e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación o 17/12/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 116.992,99 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (20.304,57 €). A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.01 "Servizo Reptilario".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1130).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez